

Manuel Puente

Buenos Aires Enero 12 de 1961

Señor Don

Luis TOBIO
MONTEVIDEO (URUGUAY)

Meu muy estimado amigo:

En primeiro vayan os meus desexos de un feliz aninovo para vostede e a sua familia, e agora refírome a copia da carta a Don Ramón OTERO PEDRAYO que lle envíe por Carlitos ABRAIRA (que por defecto do carbónico estaba borrosa-lle remito outra mais clara), na mesma lle digo a Don Ramón que vostede lle pedirá a parte que falta do traballo de el, rógolle po lo tanto facelo axiña para gañar todo o tempo que se poida.-

Na devandita carta digo que vaixo a miña responsabilidad económica vostede está autorizado por min para resolver todo o necesario para a impresión de a Historia de Galicia-confírmolle a vostede o que lle escribín a Don Ramón, e comvimos personalmente na sua casa, esto é-que lle ordene a Don Ramón ou conveña cos colaboradores desñados ou outros, o que vostede considere necesario para a terminación da obra.-

En canto os materiaes no seu poder- colaboraciones, debuxos e mapas - proceda tamén con toda libertade-o que non lle guste desbóteo-e co que sirva proceda a facer imprimir os primeiros tomos contratando como mellor lle pareza, é avisándome solamente para abonar as cuotas que vostede conveña.-

Respecto a o que falta do traballo de Don Ramón-fíxose aquí toda a búsqueda infrutuoxamente, en canto o mapa de Galiza veremos si o encontra SEOANE .-

Repasei a carpeta de correspondencia que teño de Don Ramón en procura de algún dato que poida interesarlle a vostede, e me decido a enviarlle as cartas orixinales que coído de intrés, así como copias de algunhas miñas, que lle rogo conservar para tornalas o meu arquivo cando vostede decida.-

Termino pón dome a sua disposición para calquer aclaración etc que considere conveniente, con uha aperta du seu amigo e,

S

S

S